

“POLO REFORZAMENTO DO BNG. UNHA ALTERNATIVA POLÍTICA”

A alternativa política

As posicións mantidas neste documento pretenden recibir o apoio da maioría do BNG, materializándoa na acción política da organización e especialmente na próxima XII Asemblea Nacional. Queren recoller toda a tradición de loita democrática e social do nacionalismo galego, que é de todos, abríndose como organización á sociedade galega da que constitui un patrimonio inapreciábel, continuando o traballo feito polo movemento nacional galego desde que hai xa século e medio anunciou a reivindicación de Galiza como nación. Queren constituir a base para a reunión dunha alternativa que contribúa a superación da situación de estancamento e crise política que sofre o Bloque, mellorando a organización, incrementando a militancia, facendo posíbel o desenvolvemento do apoio social e político, renovando e fortalecendo o pensamento e o corpo ideolóxico e a comprensión da nosa sociedade e do noso tempo, contribuíndo asegurar o pluralismo do nacionalismo galego e a súa capacidade para gobernar.

A alternativa pretende reunir para unha acción común aberta a todos os militantes do BNG que partillen estes obxectivos, na conciencia de que se fixo necesario artellar un espazo de acción política unitaria entre aqueles segmentos que acrediten no carácter do BNG como unha formación plural, reunindo a mulleres e homes que se situen no campo e nas posicións democráticas, da esquerda e progresistas ou alternativas dentro do nacionalismo. Respeitando a organización interna do Bloque, a alternativa quere transmitirlle á militancia e á sociedade a existencia de análises e capacidade de acción para superar as posicións políticas que condicionaron a situación actual do BNG.

A configuración desta alternativa política pretende igualmente facer efectiva unha identidade entre o discurso interno e o discurso externo do Bloque Nacionalista Galego.

O porqué do estancamento e a crise

O BNG é o resultado da unidade realizada nos anos oitenta e noventa entre as correntes básicas da esquerda nacionalista nadas nos anos sesenta, despois da disolución do Partido Galeguista como consecuencia dos conflitos da posguerra e a desaparición prematura dun Castelao que propugnaba o autogoberno de Galiza como nación nunha República Federal. No tempo autonómico, protagonizando a batalla política fronte á dereita española en Galiza, logrou en 1997 o lugar de primeira forza da oposición, superando o PSOE e abrindo a posibilidade de conseguir a Presidencia do Goberno Galego en canto fose superada a dereita. A pesar do lixeiro descenso sufrida e o achegamento do PSOE, que logrou o mesmo número de deputados, en 2001 o BNG mantivo a posición de segunda forza política. Porén ese lugar foi recuperado polo PSOE en 2005, ficando o BNG nunha posición subordinada, contando apenas coa metade dos escanos do partido da esquerda estatal.

O descenso do BNG pudo constituir o simple resultado dunha nova conxuntura política, da forza en Galiza da esquerda española ou da presión sobre o electorado dos poderes e institucións estatais contrarios a que coa Presidencia en mans do Bloque se abrise un proceso de construción nacional en Galiza e con el unha nova vía

cara o Estado plurinacional. Mais non foron estas as causas determinantes da abrupta mudanza de tendencia nos resultados electorais do nacionalismo galego.

A crise comezou en 2001. O BNG perdera inesperamente un deputado cando se pensaba en continuar progresando. Todo indicaba nese momento que dera todo o rendimento posíbel a acción estratéxica do BNG, baseada na acumulación de forzas opositoras desde o seu protagonismo como o principal contrincante do PP. Que era necesario darlle un novo impulso á estratexia nacionalista, fundamentando nunha mellor comprensión do carácter da sociedade galega e da situación política interna e externa, así como nunha reflexión a respecto do carácter do BNG e da súa presenza na sociedade.

A sociedade galega mudara profundamente. Xa non era a dos anos sesenta, cando os traballadores do campo constituían a esmagadora maioría dos activos totais. A dependencia e a marxización provocaron un grave estancamento demográfico, mais a maior parte da poboación tiña xa un carácter urbano. En 2001 era xa evidente que o BNG non era unha fronte clásica, representativa das distintas clases ou capas da sociedade galega que se unían transitoriamente para o obxectivo da soberanía nacional senón, con evidencia, unha fronte definida pola unión de partidos e persoas da esquerda e progresistas nunha organización de afiliación individual.

A falta de comprensión teórica ou práctica da nova realidade supuña un grave obstáculo para o avance do BNG como forza pola autodeterminación e a soberanía nacional e como forza transformadora, dificultando a formulación dunha estratexia válida para a luta política. A visión tradicional sobre a sociedade galega acabou dando lugar, paradoxalmente, a unha teoría vitimista magnificadora das dificultades existentes para o avance do movemento nacional galego, xustificando posicións carentes de ambición.

Todo iso obstaculizaba a expansión do Bloque na sociedade galega, favorecendo a pasividade teórica e un pragmatismo resignado. Nin sequera os evidentes cambios de rumbo obrigados pola loita política eran obxecto dunha explicación adecuada, reducíndose todo a apelacións sobre cambios de ciclo político externo ou sobre a falta de conciencia nacional na sociedade galega, como se non fose precisamente o BNG, como foi sempre o movemento nacional galego desde o século XIX, o principal factor da vontade política de Galiza nación.

Despois do resultado de 2001 débese abrir unha vía de reflexión rigorosa sobre o logrado desde os anos sesenta, de extraordinario valor histórico para o movemento nacional galego, e sobre a evolución necesaria, convertíndo ao BNG na organización plural, de esquerda nacionalista e progresista, que necesitaba a sociedade galega para a emancipación nacional e social, superando o estreito marco autonómico cara un autogoberno nacional sen renuncias no seu significado histórico e loitando pola transformación social nas duras circunstancias da globalización.

Non se fixo así. Pondo en causa xa no principio a Candidatura que acababa de revalidar o carácter do BNG como segunda forza política, contribuíuse a estragar, de maneira suicida, o traballo do Grupo Parlamentar na lexislatura. Puxéronse obstáculos internos nun proceso que podía desembocar na conquista polo nacionalismo da Presidencia do Goberno Galego, con todas as consecuencias que isto tería non apenas en Galiza senón tamén na luta polo Estatuto de nación e o Estado plurinacional. Quíxose evitar que se debatera sobre posicións políticas e formas organizativas que consolidaban a crise e impedían avanzar na autodeterminación. Tratando de impedir un proceso de debate político que resultaba xa insoslaíábel, abandonouse xa daquela o obxectivo de lograr a Presidencia no ano 2005. Chamouselle renovación –sempre necesaria en calquer formación política, como de calquer outra institución social- ao que non era máis que unha operación interesada e irresponsábel, destinada a

manter posicións de poder antigas e programas e estratexias políticas en crise, empobrecendo ademais a dirección da organización e a súa representación nas institucións.

A derrota do 2005 ten unha relación directa co todo o ocorrido internamente desde 2001. En 2001, fronte as dificultades obxectivas existentes optouse por percorrer unha travesía do deserto cara a ningures. A X Asemblea Nacional de 2002 constituíu unha lamentábel perda de tempo. A presenza do BNG nas eleccións municipais do ano 2003, nas eleccións estatais de 2004 e nas europeas do mesmo ano estivo condicionada pola situación criada, con resultados negativos. Na XI Asemblea Nacional do 2003 e a partir dela a suposta mudanza que resolvería todo non se correspondeu coa elección dos homes e mulleres máis capaces e dispostos. Empobreceuse a dirección do BNG e a presenza social e pública da organización e non situou en primeiro plano os problemas organizativos e programáticos que obstaculizan o desenvolvemento do nacionalismo. A reflexión sobre estes problemas e a necesidade de reformular a estratexia cara a posicións democrática e nacionalmente radicais, foi substituída por un entendimento estéril e sen horizontes entre posicións imobilistas, cobertas as pretendidamente radicais polas interesadamente acomodaticias.

En lugar da reflexión necesaria instaurouse un discurso confuso que responde a posicións de facto rexionalistas, coincidindo na dirección do BNG con posicións que parten do principio de que a falta de conciencia nacional galega e o dominio do capital transnacional impeden calquer outro obxectivo social e nacional máis ambicioso. Aínda non sendo partilladas estas posicións por todos os membros da actual dirección do BNG, esta está hexemonizada por unha alianza interna de grupos que responden a un inmovilismo dogmático e unha moderación acomodaticia, que na práctica política se necesitan, se potencian e se confunden, menosprezando as posibilidades existentes para unha proposta política avanzada. Insisten conxuntamente en reducir as expectativas do nacionalismo galego ou da esquerda precisamente nun tempo como este onde resulta evidente que se derrubaron determinados tabús e cando se manifestan á luz do día reivindicacións sociais antes tomadas como extremadamente radicais. Afírmase que Galiza é diferente a Cataluña ou Euskadi, cando a pretensión galega do ter un Estatuto de nación pertence á mesma conxuntura política que a das demais nacións sen Estado.

As decisións tomadas no proceso político preeleitoral de 2005 empeoraron a situación. O Grupo Parlamentar do BNG foi completamente descualificado. A magnitude da eliminación efectuada supuxo por si mesma un fondo desprezo do traballo nacionalista como principal oposición en toda unha lexislatura. Foi finalmente separado o propio Presidente do Grupo Parlamentar. Antes perdérase un deputado en Madrid e o deputado no Parlamento Europeu.

A participación subordinada do BNG no Goberno partillado co PSOE é consecuencia do sucedido. O resultado relativo do BNG e do PSOE enfraquezou extraordinariamente as posibilidades dunha presenza notábel no Goberno Galego dos obxectivos e programas do nacionalismo. As decisións negativas tomadas na formación do Goberno foron consecuencia do resultado eleitoral, mais tiveron ademais outras causas relacionadas co afán de consolidar as posicións particulares e de grupo que en grande medida foran causantes dos maos resultados habidos. O BNG cedeu sen razón responsabilidades governamentais e parlamentarias. Fíxoo tamén en servizos públicos determinantes, nas relacións internacionais, na política lingüística ou nos medios de comunicación públicos.

Despois a mesma pretensión de sintonizar coa sociedade galega desde o Goberno non se correspondeu cunha iniciativa colectiva e organizada, sendo debedora dun marcado carácter publicitario e propagandístico, sen

intervención dos militantes do BNG, seguindo simplemente pautas organizativas impostas desde a presenza nas institucións autonómicas.

Como consecuencia en gran medida desta situación e sen que desde a dirección se tomaran as decisións necesarias para evitalo, deuse unha diminución da práctica militante. A ilusión e a entrega propia da década dos noventa viuse substituída pola apatía, alimentada por unha organización, en boa lóxica, cada vez máis profesionalizada e no que paulatinamente o papel dos militantes está a perder protagonismo tanto na toma de decisións como na acción organizativa.

De igual modo, e case que consecuentemente, tense experimentado un decrecemento do debate interno e unha desaparición da militancia no proceso de toma de decisións. Certamente a dinámica política obriga a respostas rápidas e a unha inmediata acción mediática. Pero tamén é certo que a práctica política dos feitos consumados foi adquirindo cada vez máis relevo. Todo fica supeditado á presenza nos medios de comunicación, chegando esta práctica a baleirar de contido as mesmas reunións do Consello Nacional.

Agora a agrupación de forzas que se formou na XI Asemblea de 2003, logrando a maioría fronte ás alternativas políticas e programáticas que se presentaban, está en parte rachada. O núcleo daquela alianza que permanece considera un mérito propio estar no Goberno Galego, cando este foi posíbel porque o PSOE pasou de 17 a 25 deputados, arrebatándolle tantos escanos ao BNG como ao PP.

Formar goberno coa esquerda de obediencia estatal substituíndo á dereita constituiu unha boa nova para Galiza. Mais ese logro non é debido as candidaturas presentadas en 2005 polo BNG -tampouco as do PSOE-, senón ao desexo de mudanza existente na sociedade galega, cansa do PP. Lamentablemente, o traballo que fixera o BNG na longa fase anterior a 2001 en que se constituiu como alternativa de Goberno foi aproveitado no seu favor polo PSOE.

A crise do nacionalismo galego e a necesidade dun novo impulsoponse aínda máis de manifesto se se matina en que cada vez son máis as persoas con actividade cívica, social e cultural recoñecida e firmes convicións de esquerda e nacionalistas, tamén entre a mocidade, que non están no BNG aínda que votan BNG por ser a opción nacionalista. Moitos votantes do BNG no 2005 fixeron a pesar de manter unha postura moi crítica sobre a estratexia do Bloque. A alternativa política pretende favorecer a incorporación ao BNG destas persoas.

Superar esta situación non vai resultar doado. Exixirá unha nova e diferente dirección política que actue desde a firmeza nacional e democrática, contando coa experiencia acumulada e facendo unha interpretación renovada das circunstancias da sociedade galega e do entorno ao que pertence. Será preciso traballar moi seriamente polo alongamento da base de militantes e afiliados ao BNG, para ser quen de protagonizar o proceso político da construción nacional. Deberase producir o debate que faltou nos pasados cinco anos, sen que nel caiban máis reservas que as derivadas da lealdade ao proxecto nacional partillado. Será necesario o concurso de todos e todas os que militamos no BNG. Os que apoian esta alternativa teñen como obxectivo o reforzamento do BNG, comezando pola dedicación para conseguir xunto con todos os militantes para obter o bó resultado que o nacionalismo necesita na próximas eleccións municipais.

Un programa alternativo

O impulso político que precisa o BNG debe ir acompañado pola asunción dunha teoría renovada sobre a sociedade galega e o seu contorno político, sabendo que, especialmente nas clases populares, ten unha composición e unha estrutura social internas e uns intereses ben diferentes dos de hai varias décadas. Mais

apropiados, en todo o caso, para sustentar o proceso de construción nacional. A mudanza sufrida pola sociedade galega desde os anos sesenta e setenta, cando se estruturaron ás organizacións do nacionalismo, pode ser comprendida na súa dimensión se se ten en conta que o sector primario ocupaba perto do 50% da poboación activa, situándose hoxe en volta do 8%, entanto que os traballadores na industria e no sector de servizos teñen un nivel cuantitativo de ocupación semellante o dos países industrializados. É certo que esa transformación se produciu de forma dependente, submetida a unha estratexia de crecemento económico-social estatal marxinatora dos intereses galegos, causando unha enorme sangría migratoria e un dramático estancamento demográfico e determinando un nivel de renda inferior á media estatal. Mais aínda que a transformación se producira con costes sociais e persoais imensos, a sociedade galega é hoxe básicamente urbana. Os mesmos sectores agrario e pesqueiro, fundamentais na estrutura económica do país, teñen pouco a ver co mundo preindustrial.

A estrutura social galega mudou profundamente desde os anos sesenta e setenta, cando o nacionalismo galego maioritario elaborou as súas posicións políticas e socio-económicas básicas. Galiza segue a sofrer unha situación de dependencia e negación da súa personalidade e dos seus intereses nacionais, sendo o movemento nacional galego a manifestación de anxeios de soberanía e autogoberno nacional, de liberdade, xustiza e igualdade fronte á esa marxinação histórica. Mais na estrutura económica e social a sociedade que debe superar definitivamente a dependencia é moi diferente, debendo o nacionalismo dirixirse a ela con un proxecto de nación que inclúa todos os elementos da súa vida, tanto os colectivos como os individuais, tendo en conta a realidade e complexidade dos conflitos e aspiracións sociais que a condicionan, sen cair en nengún en posicións acomodaticias de pura xestión do existente como se autogoberno nacional galego se asemellase ao goberno dunha entidade municipal.

Sen comprender a sociedade propia non resulta posíbel conquistar democráticamente a súa vontade política nacional nin consecuentemente lograr a soberanía. A nación política resulta da combinación dialéctica entre os caracteres culturais, históricos e sociais que a definen e a vontade política manifestada polo pobo. Galiza ten os caracteres materiais dunha nación. Mais o movemento nacional galego non conseguiu aínda o apoio maioritario para a conquista da nación política e difícilmente podera conseguilo se non ten en conta a realidade contemporánea do propio país.

A conservación por unha parte do BNG de posicións dogmáticas incapaces de explicar o que pasa, levouno a practicar, contraditoriamente, unha política baseada principalmente na reivindicación dun mellor trato por parte do Estado, nunha práctica de orientación rexionalista que pode ser integrada polas institucións e os partidos políticos estatais. A acción nacionalista pasa asunción da responsabilidade plena do autogoberno, reclamando o carácter de nación e confiando nas propias forzas.

O BNG é unha formación política nacionalista, democrática, progresista e plural, formada desde a esquerda, aberta ás aspiracións solidarias universais. Como formación da esquerda ten necesidade de ofrecer, no mundo de hoxe, unha proposta política e un programa de goberno que atenda as aspiracións e intereses da maioría da sociedade, desde os valores de transformación social e cultural, de solidariedade, xustiza e igualdade que a definen. A procura da maioría política non pode supor a asunción de posicións de carácter conservador, senón a defensa de posicións fundamente democráticas, igualitarias, a prol dos dereitos humanos. Sobre esta base ten que loitar por conseguir a hexemonía política en Galiza. Debe afirmar o seu carácter nacionalista, isto é, o seu proxecto emancipatorio de Galiza como nación, así como o seu carácter da formación dunha esquerda

aberta. O Bloque debe concebirse así mesmo, e propolo así á sociedade, como unha forza que aspira á hexemonía democrática do nacionalismo na sociedade galega.

A estas alturas resultan absurdas posicións internas que de forma dogmática pretenden evitar a cualificación do BNG como unha formación de esquerdas e progresista, aducindo que sendo nacionalista xa se ten ese carácter. O BNG é unha formación ao mesmo tempo nacionalista e de esquerdas. Mais non é de esquerdas por ser nacionalista. Podería ser nacionalista e demócrata sen ser de esquerdas. É na súa orixe e nos seus programas, unha formación de esquerdas e progresista, por moito que poda haber militantes que non se califiquen a si mesmos así. Porén non todos os nacionalismos o son. A historia está chea de experiencias referentes a nacionalismo liberadores que sendo democráticos non foron propiamente de esquerdas. Houbo loitas de liberación nacional, particularmente entre as que en séculos pasados deron lugar á formación de moitos dos estados europeos actuais, que foron lideradas por formacións burguesas, e mesmo hoxe existen formacións políticas nacionalistas, como ocorre en Euskadi e Cataluña que non se consideran de esquerdas.

Hoxe, desde posicións da esquerda como as do BNG, a nación galega é concebida como unha nación de iguais, garantindo as liberdades democráticas e os dereitos humanos, unha nación pola xustiza e a paz no mundo, contra o imperialismo e o militarismo.

O galego é a lingua nacional de Galiza. A lingua galega constitui un elemento fundamental do carácter nacional de Galiza. A reivindicación do uso normal como lingua nacional, isto é, usada como ocorre nos Estados independentes, constitui un dos caracteres definitorios do nacionalismo galego. O nacionalismo galego non pode aceptar ningunha restrición constitucional ou estatutaria que sitúe ao galego nunha posición xurídica ou práctica que desminta ese carácter ou que o marxine nunha posición de inferioridade a respecto do castelán.

O galego é ao mesmo tempo e por fortuna, sen merma dos seu carácter de lingua propia e potenciando ese carácter, unha das linguas universais, sendo orixe e formando parte do galego-portugués. Afirmar isto non significa negar as diferenzas entre as diversas formas da mesma lingua, diferenzas que se manifestan igualmente noutras linguas globais, como o inglés ou o castelán. A asunción pola sociedade galega e polas súas institucións desta realidade nacional constituiría por si mesma unha derrota política extraordinaria da ideoloxía marxina do Estado español, fundamentada entre outros factores na pretendida superioridade do castelán polo ámbito demográfico e territorial que abranxe.

O nacionalismo galego non pode aceptar a idea de o galego ser unha das linguas minoritarias españolas, que como tal estaría necesitada dunha certa protección nun espazo dominado polo castelán como única lingua cuxo coñecimento é imposto pola Constitución. Se a sociedade galega e as institucións políticas e culturais asumen a realidade da condición do galego como lingua nacional de Galiza e ao mesmo tempo lingua universal, oficial en Estados de Europa e dos demais pasa a ser no mesmo momento lingua oficial da Unión Europea e oficial ou de uso nas institucións internacionais.

O BNG reivindica un Estatuto de nación no seo dun Estado plurinacional, contando coas responsabilidades políticas, internacionais, económicas, sociais e lingüísticas necesarias. Se a reforma do Estatuto non ten este carácter non pode ser apoiada polo nacionalismo galego.

Tanto desde o punto de vista das institucións establecidas como desde a política e a organización do BNG, os anos de experiencia autonómica precisan dun xuízo ambivalente. Tendo en conta a historia dos dous últimos séculos, a existencia das institucións autonómicas constitui un paso adiante no recoñecimento político de Galiza, dando lugar a unha certa capacidade no autogoberno e motivando avances evidentes. Mais se se considera o que

pudo facerse, o resultado non merece unha cualificación positiva: desperdizáronse oportunidades políticas, económicas e culturais fundamentais. Gobernada Galiza por partidos de ideoloxía e programas españolistas, carentes dun programa nacional galego, a autonomía foi en boa medida deturpada.

Criou un campo político galego que posibilitou a organización do BNG en toda Galiza e a súa presenza institucional, chegando a ser a segunda forza política, galeguizando en certa medida o carácter das outras organizacións políticas. Aínda sen constituirse como nacional galego, posibilitou un contexto mediático menos españolista. Permitiu a formulación de propostas económicas e sociais menos alleas aos intereses galegos. Impediu un deterioro de difícil volta atrás no uso da lingua galega. Mais non deu lugar a unha estratexia de emancipación nacional ligada ás circunstancias deste tempo.

Coa asunción do Goberno do Estado polo PSOE despois da negativa posición do PP, abriuse un campo de xogo tendente a reformar a Constitución e os Estatutos de Autonomía. Nesta situación o BNG non pode tomar posicións erradas. A posición do BNG debe ser, efectivamente, a reclamación dun Estatuto de nación, con todas as consecuencias de responsabilidade e confianza no autogoberno político. Por moito que exixa a redistribución que corresponde a unha institución estatal compartillada, a reivindicación galego dun Estatuto de nación non collerá todo o seu sentido e a forza necesaria senón vai acompañada pola asunción plena do autogoberno económico.

Por outra parte, a reclamación dun Estatuto de nación debe ter en conta que o BNG non concibe o proceso de emancipación nacional de Galiza desde unha condición de nación no seo exclusivo do Estado español. Galiza é parte do Estado español, mais tamén é unha nación europea e unha nación con lazos históricos ou culturais específicos con paise da súa lingua como Portugal, Brasil e outros Estados. O facto de o BNG ter establecido unha estratexia de autodeterminación cara a un Estado plurinacional español non significa que aquelas relacións nacionais se subordinen ás do Estado ou que se expliquen unicamente como parte das do Estado, nin que se renuncie intelectualmente a calquera outra hipótese estratéxica de autodeterminación, sempre dentro do máis estrito respecto, como por outra parte é absolutamente necesario, ás decisións tomadas polo conxunto dos cidadáns e cidadás galegos.

O BNG presenta un Estatuto de nación. Para ser enviado as Cortes necesita do apoio de dous terzos dos deputados e deputados do Parlamento de Galiza, unha cifra que non pode ser atinxida sen a aprobación polo PP. Non atinxíndose a maioría necesaria entre os partidos do Goberno, o PP é necesario para as combinacións bipartitas posíbeis co PSOE ou co BNG. Este condicionamento crea unha situación problemática para o nacionalismo. BNG non pode dar a súa aprobación a un Estatuto no que Galiza non vexa recoñecido o seu carácter de nación. Se o PP nega este carácter, e as competencias que conleva, o nacionalismo galego non pode apoiar un Estatuto diminuído nin gastar unha oportunidade reivindicativa que pode non resultar de novo practicábel mais que dentro de bastantes anos.

Se non é posíbel hoxe a aprobación dun Estatuto de nación, o BNG e a maioría gobernante hoxe en Galiza terían que emprender unha vía de mellora da capacidade de autogoberno que non pase pola reforma senón pola incorporación de novas competencias a través dos artigos da Constitución e do Estatuto que así o permiten, mantendo inequívocamente aquela reivindicación e traballando entretanto para conseguir a maioría necesaria. Na hipótese de que o PSOE pretendese aprobar co PP unha reforma non aceptábel para o nacionalismo galego, o Goberno bipartito entraría nunha crise que non se podería negar.

A Constitución de 1978 trouxo a democratización da vida política despois de cuarenta anos de Ditadura e deu lugar a un sistema autonómico que, aínda tendo un carácter limitado, supuxo un primeiro recoñecemento da diversidade nacional e cultural e dos países do Estado, aínda que non puxo en causa o dominio das institucións estatais e da súa ideoloxía.

Agora, despois de vinte e cinco anos de autonomía, o obxectivo do BNG é o de conseguir un Estado que recoñeza a existencia de catro nacións. Mais, constituindo a reivindicación dun Estado plurinacional a posición estratéxica o BNG neste momento histórico, e para alén da forma concreta de relacionar a Galiza co Estado español, como coa Unión Europea, o obxectivo estratéxico do BNG é a liberdade plena de Galiza como nación, contando co dereito efectivo de autodeterminación.

En coherencia cos seus acordos asemblearios cando definiu a UE como un dos espazos para a autodeterminación da nación galega, o BNG recoñece o carácter político da Unión Europea, reivindicando unha Unión política e social que recoñeza ás nacións sen Estado como Galiza. O BNG non pode negar o carácter histórico da Unión Europea, vendoa como un simple instrumento dos intereses económicos e compañías transacionais ou como un simple compoñente do imperialismo globalizador. A UE constitui unha entidade política historicamente nova cuxos avances supoñen unha determinada desaparición das fronteiras dos Estados, por moito que hoxe siga dominada aínda polos Estados e aínda non recoñeza institucionalmente ás nacións sen Estado. Na medida en que o capitalismo transnacional constitua o sistema dominante na UE serao no mesmo sentido e coa mesma intensidade que no Estado español e en Galiza, necesitándose unha loita pola creación dunha Europa dos pobos, dunha Europa social, dunha Europa pola paz, da mesma maneira que se necesita no Estado español e na mesma Galiza.

A Unión Europea cría un espazo político novo e potencialmente transcendental para as nacións sen Estado. É certo que, dominadas as institucións europeas polos intereses e a ideoloxía dos Estados, a Unión non acaba de tomar a orientación necesaria como unha Europa dos pobos, social, pola paz e a solidariedade no mundo fronte ao ultraliberalismo militarista. Mais nesta situación incerta, e tendo en conta a Unión Europea na súa perspectiva histórica, o nacionalismo galego debe apostar pola Europa dos pobos e social, como un factor fundamental pola paz e a solidariedade no mundo, sen atribuírle negativamente á responsabilidades que como institución aínda non ten.

A presenza de Galiza como nación na Unión constitui para o BNG unha reivindicación básica. Tanto é así que, fronte ao Estado español e a Unión Europea, debe lexítimamente preguntarse a única forma de Galiza ser recoñecida como nación é a de constituirse como Estado, como Luxemburgo, Dinamarca, Malta, Eslovaquia...

A realidade da UE permite facer unha pedagogía política na sociedade galega sobre a realidade da emancipación nacional, superando os tópicos do separatismo e os fantasmas criados pola poder e ideoloxía española en defensa do centralismo, a uniformización e a dominación. Dalle aos cidadáns e cidadás de Galiza unha perspectiva de realización persoal aberta e ambiciosa, facilitando a integración da identificación nacional coa abertura a valores universais.

A globalización ten hoxe un carácter contradictorio. Esta hexemonizada por un agresivo ultraliberalismo e dominada polas grandes potencias encabezadas polos EEUU. Mais é tamén, como poñen en evidencia os movementos antiglobalizadores ou altermundialistas, unha situación histórica que fai pasar a primeiro plano o coñecemento, asunción e procura de solucións para os problemas da humanidade e dos países pobres, dos

marxinados e oprimidos, dos valores da xustiza, solidarios e igualitarios, de respecto da natureza, dun desenvolvemento sustentábel, do respecto da diversidade nacional e lingüística.

A loita nacional do BNG insérese neste movemento pola paz e a xustiza. Superando as desconfianzas internas que existían a respecto dos movementos antiglobalización neoliberal, por non contaren con actores que non asumían plenamente as aspiracións das nacións sen Estado, o BNG converteráse no representante político principal da sociedade galega tamén na medida en que a loita solidaria na globalización se constitua nun elemento central do seu programa, do seu discurso e da súa práctica. Pór no primeiro plano cuestións transcendentales como a batalla contra a guerra de Iraq, a integración dos inmigrantes, a loita contra o sida, a igualdade da muller no mundo, a consecución de auga potábel para os centos de miles de persoas que non contan con ela...

Sen perder nunca o seu carácter de forza política contraditoria coas forzas políticas do Estado, actualmente o PP e o PSOE, o avance do BNG produciuse fundamentalmente no exercicio da oposición á dereita española, protagonizando a loita contra a dependencia e marxinação de Galiza. A firmeza desta posición contribuiu, por outra parte, a situar ao BNG como primeira forza da esquerda no Parlamento de Galiza. Esta realidade demonstra que a estratexia de desenvolvemento do BNG, por moito que se procuren medrar e ámbitos e capas moi diversas, non pode nunca ignorar que o substancial do crecemento potencial nacionalista sitúase nas persoas e capas sociais da esquerda e progresistas, entre os novos votantes, entre os que se absteñen e as veces en momentos críticos acuden en socorro da esquerda estatal fronte a dereita. A conquista dos votantes habituais do PP que pudesen no seu caso apoiar ao BNG é preciso levala a cabo desde propostas nidiamente democráticas e comprometidas con Galiza como nación, e desde unha xestión programática que considere os seus lexítimos intereses e aspiracións. Para asentarse firmemente na sociedade galega e medrar nas institucións, o BNG non pode apelar simplemente ao apoio dos que pensan en clave de país ou dos que se sintan mornamente galeguistas.

O BNG é realmente unha organización nacionalista plural, con vocación de permanencia e de respecto desa pluralidade mesmo no momento en que logre os seus obxectivos estratéxicos. O BNG é o resultado dunha acumulación de forzas nos últimos cuarenta anos cara a unidade nacionalista. Sen pór en causa en absoluto o seu carácter plural, está obrigado a realizar unha reflexión sobre a súa estrutura interna, ligandoa aos seus obxectivos estratéxicos nas circunstancias deste tempo e desta sociedade. Se se quere avanzar como organización en procura da emancipación nacional e social, e manter unha situación na que, sendo a afiliación individual, os partidos e correntes non poderían traballar no seu seo de maneira oculta, sen se confrontaren perante a militancia con propostas e programas alternativos, nin utilizar a súa forza organizativa simplemente para ocuparen posicións de poder, para vetaren decisións ou para actuaren externamente como organizacións á parte e con obxectivos partidarios contraditorios cos do BNG. A definición frontista non pode servir, en todo o caso, de aparente xustificación para que grupos internos se atribúan a sí mesmos, de maneira atrevidamente narcisista, a función de garantidores do carácter nacionalista do Bloque.

O camiño máis útil e racional para a práctica democrática e a evolución interna do Bloque é o do confronto democrático de correntes partidarias ou non partidarias, ou alianzas entre elas con alternativas políticas, teóricas e programáticas, nos diferentes ámbitos territoriais ou nas diferentes eleccións ou Asembleas, procurando abertamente o apoio dos militantes. Esclareceríase así o significado das posicións existentes. Esta é a posición que se defende nesta alternativa.

O impulso político que debe emprender o BNG condicionará a súa capacidade para acrecentar a militancia e a afiliación ou os simpatizantes activos. Coa limitada afiliación actual e coa parcial composición social da mesma resulta imposíbel progresar substancialmente na construción nacional de Galiza. Para estar presente na sociedade galega coa forza necesaria, recuperar o seu carácter de segunda forza política galega e tanto máis para constituir un factor determinante na construción nacional e avanzar no proceso de autodeterminación o BNG debería multiplicar por varias veces a súa afiliación. O BNG non pode imporse a sí mesmo límites na súa expansión como formación política da nación e menos atribuílos ao carácter da sociedade galega cando procedan do carácter e das limitacións propias. O avance, especialmente nas condicións de hexemonía da ideoloxía e das institucións do Estado, depende da clarezza dos seus propósitos e da confianza que lle ofrezca á sociedade galega.

Compostela, 8 de Xullo de 2006